

PROGRAMACIÓN DE AULA

Tercer Trimestre 19-20

(AULA 5 ANOS)

Titora:

Sandra Campos Troncoso

CEIP PETELOS-MOS

ÍNDICE:

1.- CONTEXTUALIZACIÓN

2. COMPETENCIAS BÁSICAS E CONTRIBUCIÓN DENDE AS ÁREAS AO SEU DESENVOLVEMENTO.

3. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

3.1.- Procedementos de Avaliación

3.2.- Instrumentos de Avaliación

3.3.- Criterios de Avaliación

4.-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE

4.1.- Metodoloxía didáctica, considerando as competencias como elemento organizador

4.2.- Actividades

4.2.1- Actividades de desenvolvemento das competencias básicas.

5.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

1. CONTEXTUALIZACIÓN

A seguinte programación está dirixida a un grupo de 16 alumnos e alumnas do 6º curso de Educación Infantil entre os que temos dous nenos pendentes de diagnóstico (estes nenos estaban recibindo atención por parte da mestra de P.T. , e un deles, tamén de A.L.) nenos que terei en conta en todo momento á hora de facer a miña programación para este terceiro trimestre.

Para dar resposta a estes alumnos e alumnas, adoptaranse e utilizaranse estratexias como (sempre tendo en conta o contacto semanal coas familias que transmitirán ás súas necesidades):

- Modificación do tempo das aprendizaxes
- Adecuación da axuda pedagóxica.
- Adecuación das actividades ás diferenzas individuais
- Presentación de actividades de reforzo e actividades de ampliación.

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa finalidade de desenvolver medidas que permitan seguir avanzando cara un sistema educativo de calidade, inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades.

No DECRETO 105/2014, do 4 de setembro se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. No seu Artigo 5 faise referencia ás competencias clave e se especifica que serán as seguintes:

- 1º. Comunicación lingüística (CCL).
- 2º. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- 3.º Competencia dixital (CD).
- 4º. Aprender a aprender (CAA).
- 5º. Competencias sociais e cívicas (CSC).
- 6º. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- 7º. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística e da competencia matemática e

competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

En Educación infantil aínda no saíu un Decreto que estableza o currículo na Comunidade Autónoma de Galicia, polo que sigue vixente o **Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.**

Atendendo a isto programamos para o desenvolvemento e adquisición de competencias básicas.

2. COMPETENCIAS BÁSICAS E CONTRIBUCIÓN DENDE AS ÁREAS AO SEU DESENVOLVEMENTO.

Competencias básicas

As competencias son, segundo o artigo 6 da LOE, un elemento esencial do currículo. Os programas oficiais seleccionaron oito, que se vinculan ao desenvolvemento dos propósitos identificados para o marco dos estados da Unión Europea. Recóllense tamén no Decreto 330/2009, polo que se establece o currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. Son as seguintes:

1. Comunicación lingüística.
2. Competencia matemática.
3. Coñecemento e interacción co medio físico.
4. Tratamento da información e competencia dixital.
5. Competencia social e cidadana.
6. Cultural e artística.
7. Aprender a aprender.
8. Autonomía e iniciativa persoal.

A área de Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal coopera no desenvolvemento do conxunto das

competencias, pero resulta destacable a súa achega ás seguintes: Competencia social e cidadá, Aprender a aprender e, moi especialmente ao Coñecemento e interacción co mundo físico e Autonomía e iniciativa persoal.

A area de Coñecemento do medio contribúe decisivamente ao desenvolvemento do conxunto, pero resulta destacable a súa achega ás seguintes: Competencia social e cidadá, Coñecemento e interacción co mundo físico, Cultural e artística e Competencia matemática.

A área Linguaxes: comunicación e representación determina un ámbito de experiencia e desenvolvemento de marcado interese para potenciar as competencias básicas. A relación máis marcada establécese coas competencias en Comunicación lingüística, Cultural e artística, Tratamento da información e competencia dixital e, naturalmente, Autonomía e iniciativa persoal. Pero tamén comprobaremos vínculos definidos coas restantes.

3. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

3.1.- Procedementos de Avaliación

Á hora de avaliar teremos en conta os diferentes ritmos de maduración e desenvolvemento do alumnado. Para isto temos en conta:

- ▶ A situación e posibilidades de cada neno/a e as súas familias.
- ▶ O ritmo persoal e de desenvolvemento de cada alumno/a.
- ▶ As condicións materiais e físicas da casa e do seu entorno
- ▶ Recollida de información proporcionada polas familias

Asemade, valorarase o traballo diario, evaluando se actividades, e materiais propostos serven aos obxectivos previstos, así como elementos motivadores e desencadeantes de aprendizaxes significativas, introducindo, no seu caso, as modificacións precisas para logralo.

3.2.- Instrumentos de Avaliación

Para determinar os logros do alumnado e os seus avances contarei coa comunicación coas familias, que serán quen me proporcionen información dos nenos/as a través de diversas canles (correo electrónico, teléfono, Abalar, imaxes...)

3.3.- Criterios de Avaliación

ÁREA : COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Utilizar as posibilidades motrices, sensitivas e expresivas do propio corpo
- Acadar cada vez xestos e movementos mais precisos
- Manifestar hábitos de saúde, alimentación, hixiene e seguridade
- Construir unha imaxe persoal axustada e positiva
- Desenvolver sentimentos de autoestima e acadar maior autonomía persoal.
- Manifestar respecto e aceptación polas características dos demais, sen amosar discriminación de ningún tipo
- Amosar sensibilidade aos sentimentos e estados anímicos propios e das demais persoas
- Ser quen de solicitar ou prestar axuda
- Controlar a propia vontade e superar a frustración
- Respetar as normas básicas de convivencia, axustando o seu comportamento ao dos demais.

ÁREA : COÑECEMENTO DO CONTORNO

- Identificar propiedades dos obxectos
- Identificar os números: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 0
- Asociar os números coa súa cantidade
- Realizar series de tres elementos
- Iniciar en operacións matemáticas básicas: a suma, a resta
- Recoñecer nocións de medida e cantidade
- Proponer e resolver problemas básicos

- Facer clasificacións atendendo a distintos criterios
- Ordenar elementos
- Recoñecer aspectos xeométricos básicos
- Recoñecer nocións espaciais e temporais básicas
- Interesarse polo medio natural e os seus cambios
- Disfrute coa reprodución de signos da identidade e cultura galegas: refráns, adiviñas, cantigas...

ÁREA: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Expresarse e comunicarse oralmente con claridade e corrección
- Amosar interese polos textos escritos, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades
- Iniciarse no uso funcional da lectura e escritura como medios de comunicación, información e de gozo
- Gozar coa escoita e a lectura en voz alta de textos literarios
- Empregar as diferentes representacións plásticas, musicais, corporais e audiovisuais para plasmar as súas emocións e sentimentos
- Experimentar e explorar as posibilidades expresivas do corpo, da voz, dos elementos plásticos e dos sons
- Utilizar as tecnoloxías da información e comunicación e a linguaxe audiovisual como vehículo de expresión e comunicación
- Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira

4.-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE

4.1.- Metodoloxía didáctica, considerando as competencias como elemento organizador

Principios metodolóxicos

Teremos en conta o **principio de aprendizaxe significativa** que parta dos coñecementos previos dos nenos e das nenas, que conecte cos seus intereses e coas súas necesidades e que lles propoña actividades atractivas dabondo para que aprecien de maneira sinxela e clara a finalidade e a utilidade dos novos contidos que van desenvolvendo.

Principio de globalización: Trátase, pois, dun proceso global de achegamento á realidade que se quere coñecer. Este proceso será frutífero se permite establecer relacións e construír significados máis amplos e diversificados.

Se atendemos a este principio, o nosos proxectos tratan os contidos do nivel da Educación Infantil de forma global, e interrelacionan as tres áreas ou ámbitos de experiencia que forman o currículo.

Metodoloxía pedagóxica

- Utilización dos diferentes materiais e recursos dispoñibles na casa e na rede.
- Establecemento de pautas homoxéneas de actuación coa familia mediante diferentes recursos: titorías, fichas para traballar na casa, correos electrónicos, páxina web do cole ...
- Aplicación e continuación cos hábitos de hixiene, alimentación, descanso, coidado da saúde e seguridade persoal aprendidos en situacións da vida real e na aula
- Exploración e utilización de materiais e útiles da expresión plástica.
- Creación de situacións na casa que potencien o desenvolvemento da linguaxe oral
- Exercitación da memoria mediante pequenas rimas, poesías...
- Relato da idea global dos contos coas propias palabras do neno e da nena.

- Comparación, manipulación, observación e agrupación de obxectos atendendo á forma, á cor, á situación espacial, ao tamaño, ás propiedades e aos cuantificadores.
- Desenvolvemento do razoamento lóxico mediante a realización de actividades co material do alumno e co material de casa.
- Realización de debuxos como medio de expresión e aprendizaxe.
- Realización de actividades que favorezan a evolución no proceso lecto-escritor (“palabras Pancho”, “mini rimas”, fichas traballo, lectura contos...)

4.2.- Actividades

Elaborarase unha planificación semanal propoñendo actividades diarias relacionas coas tres Áreas: Coñecemento de si mesmo e Autonomía persoal; Coñecemento do medio; Linguaxes: Comunicación e Representación. Esta planificación será flexible, e poderá variar en función do interese, motivación, grado de atención e cansancio que presenten os nenos/as en cada momento e serán os pais os que xestionen estes tempos.

Esta planificación se subirá á páxina web do centro dende ahí poderán acceder todas as familias.

Seguirei utilizando a mascota da clase, **PANCHO**, que será o fío condutor e motivador das actividades propostas semanalmente (“palabras de Pancho”, experimentos, “Mini rimas” ...

Serán actividades de reforzo e repaso das dúas primeiras avaliacións, así como se ampliarán contidos relacionados cun pequeno proxecto novo proposto “Curiosidades de animais”, pero sempre tendo en conta a disponibilidad dos pais para axudarlle ós nenos a avanzar.

As actividades están pensadas para toda a clase e tamén están pensadas para realizar nas casas, con material dispoñible e asequible para os pais e tendo en conta que os poidan imprimir.

4.2.1- Actividades de desenvolvemento das competencias básicas

Algunhas das actividades tipo para traballar as competencias son as seguintes:

1. Competencia en comunicación lingüística:

- Poesías, rimas, adivinanzas, trabalinguas, cancións, praxias...
- Fichas lecto-escritura
- Comentar os contos, vídeos que propoño

2. Competencia en razoamento lóxico-matemático

- Contar cantos días faltan para rematar o mes, para un aniversario
- Xogos de conteo
- Fichas para relacionar grafía e cantidade
- Resolución problemas
- Xogos de sumas e restas

3. Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico

- Paseos pola contorna cos seus pais

4. Tratamento da información e competencia dixital

- Identificar a icona das páxinas de xogo

5. Competencia social e cidadá: civismo

- Non malgastar auga
- Non malgastar o papel
- Apagar as luces ao entrar e saír de casa
- Reciclar as tapas dos bebibles e botellas
- Reciclar o papel
- Usar a papeleira
-

6. Competencia Cultural e artística

- Cancións populares
- Aprender poesías e refráns da cultura galega
- Rimar

7. Competencia para aprender a aprender

- Ler un conto e facer preguntas sobre o contido
- Experimentos
- Resolución problemas
- Planteamento hipóteses

8. Autonomía e iniciativa persoal

- Vestirse e espirse sós
- Ir ao cuarto de baño sós
- Preparar a súa merenda
- Recoller o material de traballo e deixalo no seu sitio
- Recoller os xoguetes
- Realizar pequenas tarefas na casa (axudaar a poñer a mesa, limpar o pó)

5.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Ás familias estarán informadas da publicación destas modificacións por Abalar Móbil e a través do correo electrónico e páxina web do centro